

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DOMICILIARIA DE LIXO

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades contidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola recollida de lixo, que estará suxeita ao establecido nesta Ordenanza Fiscal cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa, a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida do lixo domiciliario e residuos sólidos urbáns en vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde exércense actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos, sexa tanto no casco urbano como no medio rural.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas, así como as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario, ou incluso de precario.

Con relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria, estarase suxeito ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS

Non se concederán mais beneficios fiscais respecto desta taxa que os que veñan impostos por Tratados ou Acordos internacionais ou en normas con rango de Lei.

ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA

A cota da taxa será a que resulte da aplicación do cadro de tarifas que figura no anexo desta Ordenanza.

ARTIGO 7. DEVENGO

1. Devégase a taxa e nace a obrigaición de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza da recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e, en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario, nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais empregados polos contribuíntes suxeitos á Taxa.

ARTIGO 8. DECLARACIÓN E LIQUIDACIÓN

1. A Taxa liquidarase cando preséntese a solicitude de alta no Padrón correspondente.
2. Si se usa o servizo sen mediar solicitude darase de alta de oficio no Padrón, liquidarase taxa e notificarase a mesma aos interesados, todo elo sen prexuízo da apertura no correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.
3. Igualmente darase de alta de oficio e liquidarase a correspondente taxa respecto daquelas vivendas e locais comerciais que aínda que non estando ocupados considérense habitables a todos os efectos, entendendo por estes os que contén con servizos tales como auga, luz, etc.

A habitabilidade ou non dunha vivenda ou local corresponderá determinala aos servizos Técnicos do Concello, ben de oficio ou ben previa solicitude do interesado.

4. Unha vez producida a alta no correspondente Padrón a liquidación da Taxa acomodarse ao procedemento previsto para os valores recibo (Padrón, censo, matrícula...)

ARTIGO 9. INGRESO

1.—As cotas desta Taxa liquidaranse e esixiranse no momento de presentar a correspondente solicitude polos períodos non declarados, producíndose ao mesmo tempo a alta no correspondente Padrón.

2.—Unha vez producida a alta, a Taxa exaccionarase por Padrón esixíndose o importe da mesma de conformidade cos prazos establecidos no calendario fiscal do Órgano de Recadación (ORAL), e de conformidade co disposto na Lei Xeral Tributaria e no Regulamento Xeral de Recadación.

ARTIGO 10. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como ás sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o de 2013, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I

A tarifa que se aplicará pola exacción desta Taxa será a seguinte:

Vivendas de carácter unifamiliar ou pisos	48,62 €
Establecementos de pequena envergadura, comercio ó por menor, carnicerías, perruquerías, etc.	58,00 €

Hoteis, Fondas, Restaurantes e análogos	67,55 €
Industrias, Talleres e análogos	78,79 €